



PRESENTACIÓN DO LIBRO

“PALMEIRAS E PIUEIROS”

ANXO ANGUEIRA

Xoves 17 de novembro de 2022 - 20:00 h.
CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA) e Nova Poesía Guitirica (NPG) organizan o acto de presentación do libro, editado por CHAN DA PÓLVORA “**PALMEIRAS E PIUEIROS**”, do que é autor **ANXO ANGUEIRA**, presidente da Fundación Rosalía de Castro.

O acto terá lugar o **xoves 17 de novembro de 2022, ás 20:00 horas**, na **Casa da Cultura de Vilalba**, e contará tamén coas intervencións de **Marisa Barreiro**, presidenta do IESCHA, e **Mª Xosé Lamas**, do colectivo Nova Poesía Guitirica.

PALMEIRAS E PIUEIROS, de Anxo Angueira

DATA DE EDICIÓN: 20-02-2022 EAN: 978-84-124731-0-0

IDIOMA: galego. COLECCIÓN: Cova da Lontra, número 6 MATERIA: poesía

“*Palmeiras, piueiros* nace dun feito determinante: a morte da palmeira de Manselle, que para el simbolizaba un emblema do seu lugar natal e, ao mesmo tempo, unha reflexión sobre a idea de rexurdimento na historia cultural da Galicia contemporánea. Nese suceso, desencadeouse o impulso

creativo e extendense en múltiples direccións, nun proceso desbordante que atinxe tanto á intensidade formal como á profundidade das emocións. Máis que nunca, neste libro de Angueira, a palabra e a voz son un principio de pracer. (www.chandapolvora.gal)

Anxo Angueira (Manselle, Dodro, 1961) constrúe desde finais dos anos oitenta unha das obras máis persoais da poesía galega. A súa proposta, enxertada na intensidade do avío popular e relanzada no ámbito axitador, deixou pegadas indelebres en libros como *Val de Ramirás* (1989), *O valo de Manselle* (1996), *Libro da Vertixe* (1997) e *Fóra do sagrado* (2007). Desde finais dos noventa, internouse no cultivo da narrativa, onde conseguiu unha grande acollida, tanto da crítica como dos lectores. *Pensa nao* (1999) ou *Iria* (2012) son algúns dos seus títulos máis celebrados. De entre os ensaios e investigacións como profesor da Universidade de Vigo, cómpre destacar *A espiral no espello* (2009). *Das coxras de Sarmiento aos cantares de Rosalía de Castro* (2013), *Rexurdimento: a palabra e a idea* (2019) e a edición crítica da poesía de Rosalía de Castro. Foi membro fundador das Redes Escarlata (2001) e desde xuño de 2012 preside a Fundación Rosalía de Castro. (www.chandapolvora.gal)